

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES EN ASFALTO 2023

RALLYES



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES EN ASFALTO 2023

REGULAMENTO.- A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, establece para o 2023, os seguintes Campionatos e Copas de Galicia de Rallyes de Asfalto:

- .- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (pilotos e copilotos).
- .- Campionato de Galicia de Rallyes de Vehículos Históricos (pilotos e copilotos).
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 6.
- .- Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 7.
- Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola F.G. de A.).
- Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G. de A.

Artigo 1.- SERÁN DE APLICACIÓN, POR ORDE DE PRELACIÓN.

- a) As prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2023.
- b) As prescricións comúns para rallyes.
- c) O presente Regulamento Xeral.
- d) O Regulamento Particular da proba.
- e) O C.D.I.
- f) As Prescricións Xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A.
- g) No seu caso, as condicións de Organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa de Rallyes, e os Regulamentos Xerais dos mesmos.

Artigo 2.- ASPIRANTES. Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I.

Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS. En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia serán admitidos os vehículos seguintes:

- .- Vehículos Grupo A ata 1600 cc. dacordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
- .- Vehículos Grupo A dacordo ó artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
- .- Vehículos Grupo N dacordo ó artigo 254 do Anexo J da FIA.
- .- Vehículos S-2000 dacordo ó artigo 254A do Anexo J da FIA.
- .- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5, dacordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
- .- Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G", "T", SCC, N5 (Maxi Rallye), e N6 (Maxi Rallye Galego), con pasaporte e homologación da F.G. de A.
- .- Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó antigo "Anexo J do ano 1981" só fabricados antes do ano 1981, inclusive. Os vehículos que sexan, posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente. Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, T, H, SCC, N5 e N6) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.



3.1.- O efecto de puntuación, os vehículos admitidos serán divididos nas seguintes Agrupacións de cilindrada:

AGR.	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	WRC 2.000 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2010	1230	34
	WRC 1.600 cc	Art. 255 ata Anexo J FIA 2016	1200	33
	WRC 1.600 cc // Rally 1	Art. 255A dende Anexo J FIA 2017	1190	36
	R5 (VR5) // Rally 2 (VRa2)	Art. 261 Anexo J FIA	1230	32
	Rally 2 Kit (VR4K)	Art. 260E Anexo J FIA	1230	33
	Rally 3 (Ra3) 4x4	Art. 260 Anexo J FIA	1210	30
	R4	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1300	33
	S2000 (1.6T) RRC	Art. 255A ata Anexo J FIA 2013	1200	28
	S2000 (Atmosférico)	Art. 254A ata Anexo J FIA 2013	1200	---
	A Galego	Grupo "A" FGA	1300	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	N5	RFEDA + Grupo "G" FGA	1230	34
	N6	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	RGT	Art. 256 Anexo J FIA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	GT	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/ Ficha Homolog.	S/ Ficha Homolog.
	Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2008	RFEDA + Grupo "G" FGA	1410	40,8
Porsche 997 GT3 Cup Rallye 2010	RFEDA + Grupo "G" FGA	1440	41,2	
Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.	
2	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R3T	Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
3	Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	N3	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
4	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5 Atmo -1.600cc Turbo -1.333cc (Ra5)	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
5	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X-1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
6	Todos os Grupos -1.200 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
7	Históricos + 1.600 cc	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34
7	Históricos* -1.600 cc	Anexo J FIA 1981 + FGA	S/ Regulamento	F.H. ou 34

* Históricos ata o ano 1981 inclusive. Grupo X a partir o ano 1985 inclusive.

* Históricos admitidos nas diferentes agrupacións baixo supervisión e aceptación por parte da Comisión Técnica da FGA. Os Históricos teñen que poñer o coche segundo a ficha de homologación e a brida da súa época que lle corresponda, sempre que sexa solicitada á Comisión Técnica e aprobada-autorizada para os efectos de participación. de non solicitalo ou que a Comisión Técnica decida non autorizar (F. H.) terán que instalar brida de 34 milímetros para todos os efectos de verificación técnica e administrativa.

3.2.- A tódolos efectos, considerase constituída unha Agrupación, coa saída dun so vehículo.

Artigo 4.- DEREITOS DE INSCRICIÓN, XENERALIDADES.

4.1.- Establecese un máximo de dereitos de inscrición de 330 € (+aluger GPS), aceptando a publicidade da Organización, e 660 € (+aluger GPS), non aceptando a mesma.

4.2.- Establecerase un mínimo de premios, sen contabilizar as fórmulas de promoción nin monomarcas de 7.600,00 Euros.



4.3.- Do montante total de premios, será según a táboa publicada no regulamento particular tipo oficial da F.G. de A.

4.4.- Do incumprimento de dita normativa darase traslado ó Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo.

4.5.- Entregaranse trofeos ós 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ó primeiro de cada Agrupación (Piloto e Copiloto).

4.6.- En caso de existir a posibilidade de optar a unha segunda xornada engadida de recoñecementos se deberá abonar un suplemento de 30 €.

Artigo 5.- MODELO REGULAMENTO.

O regulamento particular de tódalas probas puntuables estará conforme ó publicado neste anuario (modelo tipo abreviado) pola Federación Galega de Automobilismo e deberá ir acompañado do itinerario-horario, libro de seguridade e libro de ruta.

Artigo 6.- CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS.

Normas a cumprir: Serán establecidas as clasificacións seguintes:

6.1.- Unha clasificación xeral absoluta.

6.2.- Unha clasificación por Agrupacións.

6.3.- Unha clasificación para Escuderías segundo criterio do Art. 5 dos Regulamentos Xerais do Campionato e Copas de Galicia para Escuderías.

6.4.- Se o Organizador prevese algunha clasificación máis, deberá facelo constar no Regulamento Particular da proba, e ser aprobado pola Secretaría da Federación.

Artigo 7.- NORMAS A CUMPRIR POLAS PROBAS PUNTUABLES.

7.1 Normativa de obrigado cumprimento, para o desenrolo dos rallyes de asfalto.

7.1.1 Normas xerais

a) A duración máxima será de 15 horas en ralis de un día e 17 horas en ralis de dous días.

b) O percorrido total máximo da proba non poderá superar os 450 km.

c) As probas deberanse celebrar en xornada única de sábado, ou dobre xornada de Venres-Sábado, ou Sábado-Domingo.

d) En caso de etapas que se inicien os venres, os treitos cronometrados non poderán iniciarse antes das 20:00 horas.

e) Se recomenda a celebración de unha cerimonia de saída nun lugar accesible ó público, valorándose a organización de algún acto promocional nas proximidades da zona de pódium. Deberase prever un tempo prudencial para a presentación dos pilotos no pódium de saída, dentro do tempo para completar o primeiro sector.

7.1.2 Treitos cronometrados

a) A suma total de quilómetros cronometrados deberá ser como mínimo de 80 km e como máximo 110 km.

b) Cada treito cronometrado terá unha lonxitude individual mínima de 5 kms., agás o treito espectáculo, e máxima de 18 km.

A Federación Galega de Automobilismo poderá autorizar as modificacións puntuais da quilometraxe.

c) O número máximo de pasadas por treito será de 3.

d) Ó exceder os 15 kms, obrigatoriamente, na metade do treito, terase que dispor dunha U.V.I móbil medicalizada, con Médico e D.U.E., e de equipo de bombeiros.

e) O número total máximo de treitos disputados non poderá exceder de 12.

f) Os formatos de rallyes serán de un mínimo de catro treitos diferentes a dobre pasada, ou formato de tres treitos diferentes a tres pasadas.

Non obstante, o formato proposto quedará supeditado á autorización expresa por parte de Federación Galega



de Automobilismo.

O disposto na presente letra f) se estipulará sen ter en conta o treito espectáculo (optativo).

g) Prohíbense os treitos en bucle, por medidas de seguridade, ben sexa como treito espectáculo ou integrado no itinerario do Rallye.

h) Nun rali non se poderá utilizar un treito cronometrado parcialmente noutro treito cronometrado do mesmo rallye, nin utilizarse nos seus dous sentidos.

i) Non se autorizarán treitos de terra.

7.1.3 Treito espectáculo ou "super especial" en ralis de xornada única.

Na xornada do venres será optativa á celebración dun treito espectáculo ou "Súper Especial", de carácter urbano, ou un treito de estrada que non se dispute total ou parcialmente o sábado nos bucles. Terá a consideración de 1ª sección do rallye. No caso de optar pola celebración de este tipo de treito, o resto de treitos cronometrados que compoñen a proba deberanse disputar íntegramente na xornada de Sábado. A lonxitude mínima será de 2 quilómetros e máxima de 7 quilómetros. Terá unha regulamentación específica e diferente ás outras especiais. A regulamentación será dictada e aprobada, en Anexo, seguindo o modelo detallado no regulamento particular tipo da Federación Galega de Automobilismo, e formará parte do regulamento particular da proba.

Entregarase un croquis detallado no que figurará o percorrido incluíndo chicanes, xiros, etc. A saída darase de minuto en minuto, salvo autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo (o nº 1 será o primeiro participante en tomar a saída). Se un vehículo participante comete un erro no percorrido, atribuiráselle un dos tempos de entre os seis peores clasificados da xeral (ou da copa á que perteneza se fose o caso), a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos. Considéranse erros no percorrido, non completalo íntegramente e no sentido do mesmo. Desprazar claramente pontóns, vallas, conos ou calquera outro elemento que delimite o percorrido estará penalizado con 10 segundos. Se un participante non consegue rematar o treito, ou non consegue rematar o percorrido completo do sector no que se atopa o Treito Super Especial/espectáculo, ditos vehículos poderán reparar a avaría no parque de Traballo e reengancharse á carreira, debendo solicitalo por escrito aos Comisarios deportivos. Outorgarase un dos tempos de entre os seis peor clasificados da xeral (ou da copa á que perteneza se fose o caso), a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos. A reparación deberase levar a cabo no parque traballo na noite do venres ó sábado e non terá ningún tipo de penalización engadida.

Unha vez finalizado o TC espectáculo, os vehículos entrarán en un parque pechado de fin de etapa.

7.1.4 Normas para rallyes a disputar en xornada dobre Venres-Sábado ou Sábado-Domingo

As probas celebradas en domingo deberán finalizar antes das 14:00 horas e ter previsto o horario de publicación de resultados como máximo ás 15:30 horas.

Deberase estipular un descanso mínimo de 8 horas entre cada unha das dúas etapas.

Finalizada a última asistencia da primeira etapa, os vehículos entrarán en un parque pechado de fin de etapa.

7.1.5.- Parques de asistencia

A duración mínima será de 20 minutos excepto:

-O parque de asistencia que se poidera implementar con carácter previo ó primeiro TC de unha etapa, que se establece en 15 minutos.

-O parque de asistencia opcional despois do último TC do rali, que terá unha duración de 10 minutos. En caso de que se prescindira do mesmo se recomenda prever un lugar adecuado á entrada do parque pechado, que poida ser utilizado para a limpeza exterior dos vehículos, sen que se poida recibir ningún tipo de asistencia.

7.1.6 SHAKEDOWN

No caso de celebrarse un Shakedown na xornada previa do venres, a regulamentación do mesmo será dita e aprobada, segundo Anexo seguindo o modelo detallado no regulamento particular tipo da Federación Galega de Automobilismo, e formará parte do regulamento particular da proba. Establécese un horario de celebración entre as 11:00 e as 13:00 horas, o cal poderá ser modificado baixo solicitude motivada e autorización expresa da F.G. de A. Deberá cumprir as mesmas normas de seguridade esixibles a un treito cronometrado.



As características do treito do Shakedown deberán ser similares ás características, no eido do asfalto e trazado, dos treitos que se celebrarán no Rallye, cunha lonxitude máxima de 5 quilómetros. A participación no mesmo é voluntaria. Os equipos interesados terán que inscribirse, na folla específica de inscrición do shakedown, ata un número máximo de 60 participantes, cuns dereitos de inscrición de que serán acordados polo Comité Organizador (dun mínimo de 50 euros e un máximo de 140 euros. Autorízase utilizar unha parte do percorrido dalgún treito do rallye. Os recoñecementos do shakedown faranse sen sobrepasar a velocidade de 80 quilómetros/hora, dentro do horario marcado pola organización. O cambio de pneumáticos terase que facer obrigatoriamente no parque de traballo, ou aqueles lugares específicos que a organización habilite para tales fines. Se permite a repostaxe nas gasolineras marcadas no rutómetro. Fóra dos lugares anteriormente mencionados, a asistencia só pode ser feita polo piloto-copiloto (equipo), e as posibles reparacións cos medios que leven no vehículo de participación, quedando terminantemente prohibida calquera axuda externa. Dentro do horario previsto, os equipos participantes, poden dar cantas pasadas estimen oportuno, baixo orde e criterio dos comisarios de saídas do Shakedown. Recoméndase establecer algún tipo de criterio que evite a acumulación de participantes na saída.

7.1.7 Calquera anomalía deportiva ou incumprimento do Regulamento Particular da Proba, do Anuario, ou do C.D.I, conlevará un estudio do Colexio de Comisarios Deportivos, con posterior traslado ó Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo.

7.2.- Recoñecementos:

7.2.1.- Os recoñecementos Oficiais / libres efectuaranse en tres días (sábado, domingo e xoves antes da proba), salvo autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo. De solicitar un equipo un día non habilitado, por causa de forza maior, terá que facelo por escrito á Secretaría da Federación Galega de Automobilismo, e será autorizado ou non, despois de ser valorada a solicitude.

O Regulamento Particular da proba determinará o horario autorizado para facer os recoñecementos.

7.2.2.- O equipo participante deberá elixir un único día entre os establecidos no punto 7.2.1. O día escollido poderá dar un número libre de pasadas, dentro do horario a definir no Regulamento Particular da proba.

Os participantes que escolleran recoñecer o Sábado ou Domingo se lles ofrecerá a posibilidade (optativa) de dar dúas pasadas adicionais na xornada de Xoves, sempre e cando o solicitaran no momento de formalizar a inscrición e abonen o sobrecusto por uso do GPS un día adicional.

7.2.3 A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será de 80 km/h., con control de GPS. Nos tramos espectáculo a velocidade máxima será de 50 km/h. En ambos casos, salvo zonas onde esté regulada unha velocidade inferior polas Autoridades.

7.2.4.- Se unha Escudería fai un treito cronometrado na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo mesmo treito por outra Entidade Organizadora.

7.2.5 - Non está permitido circular en sentido contrario ó indicado no rutómetro polos treitos cronometrados, salvo autorización expresa ou causa xustificada. Circular marcha atrás nun treito cronometrado, sen causa xustificada, terá a consideración de circular en sentido contrario. A estos efectos se recomenda utilizar o itinerario contemplado no artigo 6.2.3.b).

7.2.6 - Os recoñecementos unicamente poderán ser realizados polos equipos inscritos no rallye (piloto e copiloto), podendo ser solicitado á Federación Galega de Automobilismo un cambio en algún deles. Prohíbese a presenza de outra persoa no vehículo, salvo causa de forza maior debidamente motivada.

7.2.7.- Cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

7.2.8.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

7.2.9.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba, así como da utilización do radar da FGA.

7.2.10.- A Federación Galega de Automobilismo poderá designar outro comisario/controlador, cos mesmos



poderes e atribucións que o do punto anterior.

7.2.11.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor Butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. Únicamente se entregará un xogo de pegatinas por equipo inscrito. En caso de que se autorice ou se opte a un segundo día adicional será responsabilidade do equipo conservar correctamente as pegatinas.

7.2.12 Sancións por incumplimento da normativa de recoñecementos:

a) Efectuar recoñecementos en momentos non autorizados: Penalización de 60 segundos. En caso de reincidencia se lle engadirán 60 segundos adicionais á primeira sanción. En caso de segunda reincidencia se penalizará coa non autorización a tomala saída.

b) Superar o número de pasadas por tramo en caso de que se limiten éstas: Penalización de 60 segundos.

b) Exceso de velocidade recorrente en recoñecementos a criterio dos Comisarios Deportivos: Penalización de 30 segundos.

c) Circular en sentido contrario nos treitos cronometrados sen estar autorizado: 10 segundos por cada infracción.

d) Por incorrer na infracción establecida no artigo 7.2.6: Penalización de 30 segundos.

d) Por incorrer nunha infracción que implique a penalización de "non autorizado a tomala saída" será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario.

7.3.- Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes.

No Campionato de Galicia de Rallyes no desenrolo das probas, os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatorio a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Na proba será instalado nos vehículos de competición durante as verificacións técnicas. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición, e servirá para alertar á Organización dos equipos de posibles incidencias ou bandeiras amarelas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

7.3.1.- Funcionamento:

7.3.1.1. O sistema deberá ter pulsador SOS.

7.3.1.2. O pulsador SOS, deberase usar UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.

7.3.1.3. Deberase manter pulsado -segundo indícase nas instrucións- no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.

7.3.1.4. Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.

7.3.1.5. O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.

7.3.1.6. A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

7.3.2.- Bandeira amarela electrónica:

7.3.2.1. Nas probas puntuables para o Campionato de Galicia de Rallyes, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira amarela electrónica.

7.3.2.2. A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira amarela electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira amarela electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira amarela electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.

7.3.2.3. Únicamente poderase activar/desactivar a bandeira amarela electrónica dende Dirección de Carreira.

7.3.2.4. Unha vez sexa mostrada a bandeira amarela electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira amarela electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira amarela, será motivo de penalización de 30 segundos. Baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

7.3.2.5. Unha vez mostrada a bandeira amarela electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo: Os Equipos aos que se mostre bandeira amarela tanto física como Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de



seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira amarela dentro do treito cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director de Carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. Non respectar esta regra comportará unha penalización de 60 segundos. Baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

7.3.3.-Entrega devolución do aparello GPS:

7.3.3.1. Entrega e devolución do dispositivo GPS realizarase no parque pechado ó finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.

7.3.3.2. En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba. Deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.

7.3.3.3. A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.

7.3.3.4. concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa de 1.000 euros a pagar ao Organizador. Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia.

SOS
 + **Esc** 3 seg.
 Solicitud de atención médica inmediata o vehículo que impide totalmente el paso de otros participantes.

OK ?
 Desde dirección de carrera se solicita confirmación del estado actual de los participantes.
 Pulsar el botón verde para indicar que no se requiere atención médica y el vehículo no obstaculiza el paso de otros participantes.

Precaución
 3 seg.
 Vehículo parado.
Muy atento, a la mínima duda de peligro reduce la velocidad.

Bandera Amarilla (Yellow Flag)
 Participante neutralizado.
Reduce la velocidad de forma inmediata a menos de 80 Km/h y sigue indicaciones de los Comisarios de Ruta. Prohibido adelantar.

Modelo Spica II
 Las funciones del botón negro las realiza el botón verde.
 =

Modelo Stella III
 Las funciones del botón negro las realiza el botón verde, excepto el SOS:
SOS + 3 seg.

Artigo 8.- PUNTUACIÓNS.

8.1.- Despois de cada proba puntuable e para cada unha das Agrupacións, serán atribuídos uns puntos ós condutores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º
5	4	3	2	1

8.2.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13º	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

Outorgaráselle un punto a todos os que finalicen a proba.

8.3.- Os puntos obtidos de acordo co indicado nos apartados 8.1. e 8.2. serán sumados o total da proba considerada. Se algún regulamento prevé clasificacións distintas das anteriores, soamente se terá en conta as clasificacións, que o presente Regulamento establece.

8.4.- Para os Campionatos de Galicia de Agrupacións obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a dita agrupación.

Artigo 9.- CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO.



9.1.- A clasificación final do Campionato de Galicia de Rallyes será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.

9.2.- Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario que compoñen o campionato coas seguintes particularidades de desconto de resultados no cómputo final:

- En caso de que se celebren 11 rallyes se descontarán os 4 peores resultados.
- En caso de que se celebren 10 rallyes se descontarán os 3 peores resultados.
- En caso de que se celebren 9 rallyes se descontarán os 2 peores resultados.
- En caso de que se celebren 8, 7 ou 6 rallyes se descontará o peor resultado.
- En caso de que se celebren 5 ou menos rallyes non se descontará ningún resultado.

9.3.- Se un participante non toma parte nunha proba, a mesma poderase descontar para a clasificación final.

Artigo 10.- EMPATES.

1.- Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.

2.- De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

Artigo 11.- CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES.

DATA	PROBA	ESCUDERÍA
31/03-1/2-04-2023	27º RALLYE DE A CORUÑA	ONE SEVEN
14/15/16-04-2023	37º RALI BERBERECHO DE NOIA	BERBERECHO
12/13/14-05-2023	5º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORT
2/3/4-06-2023	5º RALLYE DE PONTEVEDRA	CONGOSTRAT. SANXENXO
7/8/9-07-2023	19º RALLYE SUR DO CONDADO	SURCO
28/29/30-07-2023	2º RALLYE PAZO TIZÓN COMARCA CARBALLIÑO	JLB MOTORSPORT
18/19/20-08-2023	54º RALLYE DE FERROL	A. FERROL
15/16/17-09-2023	11º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA	LUIINTRA
20/21/22-10-2023	45º RALLYE SAN FROILAN	MIÑO LUCENSE
17/18/19-11-2023	3º RALLYE RIBEIRA RIA DE AROUSA	RIBEIRA RIA DE AROUSA

Artigo 12.- PREMIOS E TROFEOS. Ó final da tempada previo escrutinio dos resultados outorgaranse os seguintes galardóns a:

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES

CampiónTrofeo de Bronce-Ouro F.G.A.

Sub-Campión.....Trofeo de Bronce-Prata F.G.A.

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES DE VEHÍCULOS HISTÓRICOS

CampiónTrofeo de Bronce-Ouro F.G.A.

Sub-Campión.....Trofeo de Bronce-Prata F.G.A.

COPAS DE GALICIA DE RALLYES

Campión AGRUPACIÓNS 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 Trofeo de Bronce F.G.A. (a cada unha)

Campión Copilotos Trofeo de Bronce F.G.A.

Sub-Campión Copilotos Trofeo de Bronce F.G.A.

Artigo 13.- PALMARÉS DO CAMPIONATO.

1979 Celestino Pardo-Evaristo de Cuenca

Seat 124-1.800

1980 Carlos Piñeiro-Pablo Iglesias

Seat 124-2.100



1981	Carlos Piñeiro-Pablo Iglesias	Fiat 131 Abartch
1982	Carlos Piñeiro-Carlos Orozco	Porche 911 Sc
1983	Luis Barrio-Diego Barcia	Seat 124-2.000
1984	Carlos Piñeiro-Carlos Orozco	Porche 911 Sc-Rs
1985	José Mora-Luis Moya	Renault 5 Turbo 1
1986	José Mora-Luis Moya	Supercinco GT Turbo
1987	Carlos Piñeiro-Julio Orozco	Opel Manta 400
1988	Alfonso Pavón-Guillermo Díez	Supercinco GT Turbo
1989	Arturo Rial-Wenceslao Blanco	Citroen AX Sport
1990	Germán Castrillón-Estrella Castrillón	Ford S. Cosworth
1991	Arturo Rial-Mario Pazos	Citroen AX Sport
1992	Germán Castrillón-Estrella Castrillón	Ford E. Cosworth
1993	Arturo Rial-J.C. Arias	Citroen AX Sport
1994	Javier Azcona-J. Louro	Renault Clio Williams
1995	Miguel Dopico-Alvaro Louro	Ford E. Cosworth
1996	Germán Castrillón-Estrella Castrillón	Ford E. Cosworth
1997	Javier Piñeiro-Manuel Ferreiro	Renault Clio Maxi
1998	Germán Castrillón-Estrella Castrillón	Mitsubishi Lancer E.4
1999	Germán Castrillón-Estrella Castrillón	Mitsubishi Lancer E.4
2000	Germán Castrillón-Estrella Castrillón	Mitsubishi Carisma E.6
2001	Manuel Senra-Faustino Suárez	Peugeot 306 Kit Car
2002	Manuel Senra-Faustino Suárez	Peugeot 306 Kit Car
2003	Manuel Senra-Faustino Suárez	Peugeot 306 Kit Car
2004	Manuel Senra-Faustino Suárez	Peugeot 306 Kit Car
2005	Manuel Senra-Faustino Suárez	Peugeot 306 Kit Car
2006	José M. Martínez-Manuel Campos	Peugeot 306 Kit Car
2007	José M. Martínez-Manuel Campos	Peugeot 306 Kit Car
2008	Pedro Burgo-Marcos Burgo	Mitsubishi E. VIII
2009	Pedro Burgo-Marcos Burgo	Mitsubishi E. VIII
2010	Alberto Meira-Alvaro Bañobre	Mitsubishi E. X
2011	Ivan Ares - José A. Pintor	Mitsubishi E. VIII
2012	Pedro Burgo - Marcos Burgo	Ford Focus RS 05
2013	Luis Vilariño - Ramón López	Mitsubishi E. X R4
2014	Ivan Ares - Alvaro Bañobre	Porsche 911 GT3 2008
2015	Alejandro Pais - Santiago Pais	Mitsubishi E. X
2016	Alberto Meira - David Vázquez	Mitsubishi E. X
2017	Victor M. Senra - David Vázquez	Ford Fiesta R5
2018	Victor M. Senra - David Vázquez	Ford Fiesta R5
2019	Victor M. Senra - David Vázquez	Citroën C3 R5
2020	Victor M. Senra - David Vázquez	Skoda Fabia R5
2021	Victor M. Senra - Avelino Martínez	Skoda Fabia R5
2022	Victor M. Senra - Avelino Martínez	Skoda Fabia Rally2 EVO

Artigo 14.- A puntuación que emitirá, no informe, o Observador da F.G. de A., será vinculante para as valoracións que a Federación realice da proba para os efectos que estime oportuno.

